


ETIQUETAS DE PERIGO

CLASE 1

Materias e obxectos explosivos




CLASE 2

Gases




CLASE 3

Líquidos inflamables



CLASE 7

Materias radiactivas



LEMBRE

A práctica da autoprotección polos cidadáns, ademais de favorecer a cada un deles, xera a seguridade do colectivo.

Ante calquera situación de emerxencia chame ó teléfono

> 112

EMERXENCIAS GALICIA



MERCADORÍAS PERIGOSAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior




- Considéranse mercadorías perigosas todas aquelas substancias que durante o seu proceso de produción, almacenamento ou distribución, en caso de accidente durante o seu transporte por estrada ou ferrocarril, poden supoñer risco para a poboación, os bens e o medio ambiente.

Panel de sinalización dos vehículos que transportan mercadorías perigosas



!!CASO DE ACCIDENTE ANOTE ESTES NÚMEROS E COMUNÍQUEO ÁS AUTORIDADES!!

QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA



- ✓ Aumente a distancia de seguridade se se atopa próximo a vehículos que transporten mercadorías perigosas, e extreme as precaucións en caso de adiantamento.
- ✓ Nos aparcadoiros e zonas de descanso é recomendable evitar o estacionamento demasiado próximo a este tipo de vehículos.
- ✓ Se conducindo detrás dun destes vehículos observa unha anomalía, como derramamento ou fuga do contido, comuníqueo urxentemente ás autoridades.
- ✓ En caso dun accidente dun camión ou cisterna que transporte algunha mercadoría perigosa, é importante que se manteña o máis afastado posible sen intervir.

- ✓ Se é posible e sen correr riscos alleos, anote os números do panel laranxa e comuníqueo ás autoridades.
- ✓ Evite situarse na dirección do vento, por se houberse algún elemento en suspensión que puidera afectar á saúde.
- ✓ Se ocorre un sinistro destas características preto da súa casa, lembre pechar as fiestras, miradores, portas externas, e baixe as persianas. Non se esqueza de pechar a chave de paso do gas, así como facer saltar o automático da luz.
- ✓ Permaneza atento ás informacións oficiais e siga as indicacións dos equipos de expertos que atenden a emerxencia.